

A voltas con Vicente Risco*

Onte rematou en Ourense o Congreso Vicente Risco que reuniu durante catro días a algúns dos estudiosos da súa polifacética obra. Había xa once anos que o sabio ourensán non era obxecto de atención intensa por parte da intelectualidade do noso país. A última vez foi no ano 1984, con motivo do 1º centenario do seu nacemento. Daquela, andamos por Galicia adiante uns poucos conferenciantes tratando de divulgar e analizar a obra dun home a quen cómpre non esquecer, pois encheu páxinas moi importantes da nosa complicada e difícil Historia e, por máis que a súa traxectoria ética, política e ideolóxica fose e siga a ser centro de polémicas, mesmo bastante encendidas por veces, en calquera caso, podemos dicir que poucos coma el enriqueceron tan atinadamente e en tantas facetas e aspectos o coñecemento da nosa identidade, do noso pasado e da nosa cultura tradicional, asemade de deixar escrita unha obra ensaística e de creación que, independentemente da valoración e interpretación que cada quen faga daquela traxectoria citada, ninguén podería seriamente obviar á hora de investigar sobre os variadísimos aspectos da ciencia e da cultura que el tocou coa súa innegábel xenialidade.

Coido que en Galicia podemos correr o perigo de deixar no conxelador por longas tempadas moitas figuras da importancia de Vicente Risco, debido a que a institución do Día das Letras Galegas concentra excesivamente a atención sobre unha soa persoalidade, saturando con ela de tal forma os trescentos sesenta e cinco días do ano que, ao final, quedamos exhaustos e un pouco fartos de lle ter dedicado tantas horas nos medios de comunicación e tantas publicacións, sen decatármonos de que estes nomes fundamentais da nosa historia e da nosa cultura teñen que seguir a soar nos oídos das novas xeracións que se van incorporando, digamos, ao uso da razón galega, e necesitan esas referencias, para elas novidosas, que aos demais nos poden parecer obvias.

Pensem, por exemplo, que eses once anos que transcorreron entre aquelas conferencias de 1984 e este congreso de Ourense, transformaron a moitos nenos e nenas de entón en homes e mulleres, e non sería raro que, de non mediaren estudos específicos continuados, os grandes nomes da nosa historia queden na súa memoria tan só como vagas realidades de improbábel existencia.

Calquera persoa dedicada ao ensino e que teña a experiencia de ver pasar polas súas aulas cada ano unha promoción, decatarase cómo se van perdendo pouco e pouco referencias e fitos históricos dos que, en moitos casos, aínda depende a nosa vida cotiá, a nosa dignidade humana e mesmo o noso futuro. Así, por poñer un exemplo ben comprobábel: a morte do xeneral Franco e conseguinte restauración da democracia en España, é

dicir, algo que nos parece tan próximo a nós, seméllalle aos meus alumnos de quinto curso de Universidade historias do avoiño. Non digamos a guerra civil española ou o holocausto xudeo, porque iso coidan que é pura prehistoria.

Por iso cómpre unha presenza máis e máis frecuente cada día nos medios de comunicación de todos aqueles acontecementos e figuras da historia que non debemos esquecer, ou mellor dito, que deben quedar ben gravados na memoria da xuventude. Coido que temos unha enorme responsabilidade a este respecto, non vaia ser que algún día, por non lle ter recordado insistentemente o elemental da historia máis recente, teña que repetila. E nós con ela.

Por iso, andar a voltas con Vicente Risco segue a ser un exercicio necesario.